

Destinos provisionais 2015-2016

Convocatoria de adxudicación de destinos provisionais

Demandamos a posibilidade de que poida **concurrir o profesorado definitivo**. Defendemos que excepcionalmente poida participar tamén o profesorado con destino definitivo, xa que non houbo CXT. Do contrario, estase prexudicando ao colectivo de profesorado definitivo que pretendía concurrir. *A Consellaría responde que non van permitir a participación do profesorado definitivo por tratarse dunha mobilidade moi importante, e non ten sentido establecer un procedemento que posibilite que os centros poidan ter unha renovación de máis da metade do profesorado.*

Reclamamos que o **profesorado substituto con cinco meses e medio traballados** recupere os contratos de xullo e agosto e así as retribucións nos meses de verán.

Solicitamos aclaración sobre se o profesorado interino pode solicitar concilia, pois nas ordes non queda claro. *A Consellaría responde que non se recolle este dereito para o profesorado interino, aínda que é discutíbel, que no seu momento non se recolleu pola negativa dunha organización sindical e en moitos casos non sería un dereito efectivo por mor da redución de vacantes no momento de lla adxudicar.*

Cuestións transversais para os dous concursos:

Vacantes:

- Reclamamos que se negocien como é debido nas Xuntas de Persoal e con tempo suficiente.
- Que se publiquen antes da adxudicación provisional.
- Que se fixen en base a 18 períodos lectivos e non 20
- Que se atendan as necesidades dos centros, así nas prazas que teñen que ver con atención á diversidade e que se cumpran os catálogos de Primaria, o ano pasado houbo máis dun incumprimento, fundamentalmente en Pontevedra.
- Que se oferten todas as existentes e que non aparezan a posteriori. Non se pode permitir que despois da adxudicación aparezan vacantes. *A Consellaría responde que procurarán mellorar este tema.*

Prazas:

- Que os perfís correspondan realmente ás prazas ofertadas.
- Que as prazas de ámbito aparezan con ese perfil. *A Consellaría responde que as prazas deben figurar co perfil desglosado de cada materia. Que non consideran acertado crear códigos para os ámbitos.*
- Que se reduzan as itinerancias

INFORMACIÓN MESA SECTORIAL

- Que se eliminen as prazas a tempo parcial. *A Consellaría responde que van eliminar as prazas a tempo parcial inferiores a media xornada.*
- Que se oferten prazas suficientes en todos os corpos para que o profesorado non teña que ir a outros corpos, así no caso de música en que se adxudican prazas nos conservatorios a PES, de aí que propoñamos que o profesorado vaia ao corpo que lle corresponde. *A Consellaría responde que só lle afecta a Música de PES e Debuxo artístico.*

Afíns:

- Que se regulen as afíns. Non deben ser adxudicadas forzosamente e que non deben superar as horas da especialidade pola que se convoca a praza. Tamén que hai prazas con catro ou máis afíns. Non deberían existir. A CIG-Ensino non está de acordo coa impartición de afíns, mais se existen que estean debidamente reguladas.

Adxudicación de oficio:

- Inaceptábel que se poida adxudicar de oficio en materias que se puxeron como afíns e mesmo en especialidades das que non se é titular.
- Non se deben adxudicar de oficio as substitucións de zona.
- Mellorar a petición no tema de provincias, para que quede debidamente claro que se se marca a provincia vai ter que ir a todos os centros da provincia.
- Desprazados por falta de horario: non se lle pode adxudicar de oficio a outra especialidade que non é a súa, puxera ou non como afín.

Normas para o profesorado de secundaria, técnico de FP, EEOOII, Música e Artes Escénicas

- Modificar a referencia ás itinerancias.
- Artigo 12.2.b. non debe impartir afíns a non ser que as solicite
- Artigo 12.3 notificación desprazados, debера ser previa negociación co propio profesorado.
- Os prazos que se cumpran. *A Consellaría responde que procuran cumprir os prazos.*
- Artigo 12.5. o cociente debe ser 18.
- Non adxudicación de afíns de oficio.
- Afíns non se pode adxudicar de oficio unha materia que non é a súa a un provisional.
- Artigo 22, a adxudicación de Debuxo artístico, é confuso, parece que pode ir por diante do resto do profesorado. Isto trae sempre problemas. *A Consellaría responde que só lle afecta a debuxo artístico.*
- Artigo 28. Ampliar o prazo de reclamacións de cinco a sete días se se mantén o calendario previsto.
- Deberían retomarse as datas de eleccións do profesorado de anos anteriores, cada vez hai máis queixas, non é aceptábel que até o 10 de setembro o profesorado nin sequera saiba onde vai vivir.

INFORMACIÓN MESA SECTORIAL

- Artigo 31: a Resolución provisional debería resolverse o 28 en lugar do 31 de xullo e a definitiva que sexa o 8 e non o 10 de setembro e hai que cambiar as datas no futuro. *A Consellaría responde que están poñendo estas datas por se se viran nunha problemática de adjudicación de concurso de traslados e están agardando a ver que pasa. En Secundaria adjudican en setembro tamén por implantación da LOMCE.*
- Disposición adicional segunda, as substitucións de zona se se van adjudicar de oficio a rateo debería reducirse a 30 Km e que se respecte que este ano non se respectou e obrigouse o profesorado a ir aos destinos. *A Consellaría responde que as substitucións de zona son moi puntuais, só na especialidade de música de PES por un problema de falta de prazas.*

Normas para mestres e mestras:

- As especialidades 60 e 61 (PT e AL de secundaria) deberían ter dereito ao complemento económico compensador por impartir en Secundaria.
- Na base 12, sobre a adjudicación de oficio, só debería de poder ser pola especialidade da que se é titular.
- Base décimo cuarta: non se pode obrigar a coller unha vacante da que non se é titular.
- Para o dereito preferente, non se debe adjudicar de oficio as especialidades de E.I., música, E.F. e francés.
- Non se deben nomear orientadores sen especialidade.
- Base vixésima: que a resolución provisional se publique o 21 de xullo e a definitiva en xullo tamén, todo en xullo, é máis doado de organizar o curso en Primaria, e tendo en conta que hai opos.
- Base vixésimo segunda: a resolución definitiva debe publicarse o 27 de xullo e non en agosto. *A Consellaría responde que non se descarta que no corpo de mestres se poida facer unha adjudicación definitiva en xullo, están poñendo datas de agosto por se se viran nunha problemática de adjudicación de concurso, se non hai ningún problema adjudicarán Primaria no mes de xullo, se tivese afectación pasaría a agosto.*
- Que se faga a adjudicación por especialidades e colectivos.

A Consellaría aproveita para aclarar que lle enviarán un correo ao novo profesorado para que non se despiste do prazo de participación no Concurso de provisionais.

Aclara tamén que o profesorado interino ten dereito a solicitar unha excedencia por coidado de familiares ao cargo e que esta computa a todos os efectos.